

## Anecdotalario da edición galega das obras de José A. y Trelles ("El Viejo Pancho")<sup>1</sup>

Gustavo San Román

**RESUMO** Gustavo San Román refírese nesta nota á xénese do seu traballo de investigación e ás orixes do seu interese pola figura e pola obra do escritor uruguaio José A. y Trelles, coñecido polo pseudónimo de "El Viejo Pancho", un traballo publicado en 1998 baixo o título "*Paja Brava*" de *El Viejo Pancho e outras obras de José A. Alonso y Trelles* polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. A seguir, céntrase nos primeiros pasos do seu traballo, que comezaron cos contactos mantidos co neto do escritor, a colaboración do cal foi moi importante, e as consultas realizadas na Biblioteca Nacional de Montevideo, fundamentalmente no Arquivo Alonso y Trelles onde se gardan algúns manuscritos. Comenta tamén algunhas das dificultades coas que se tivo que enfrontar e corrixe as erratas que se inclúen na súa edición. A xeito de apéndice engade dous textos atopados ao longo das súas pescudas: unha carta de Trelles publicada no xornal *El Telégrafo* e a versión facsimilar do poema "¡Ecce Homo!".

139

**ABSTRACT** In this note, G S R recounts the first steps in his discovery of the Uruguayan author José A. Alonso y Trelles, who wrote under the pseudonym "El Viejo Pancho", which gave rise to a book published by the CRPIH in 1998 with the title "*Paja Brava*" de *El Viejo Pancho e outras obras de José A. Alonso y Trelles*. He describes his contact with the writer, which was greatly facilitated by the latter's grandson, and his research in the National Library of Montevideo, principally in the Alonson y Trelles collection, which houses a number of MSS. S R recounts some of the difficulties he encountered, and corrects various errors in his edition. In an appendix, he publishes two texts discovered in the course of his research: a letter from Trelles published in *El Telégrafo* and a facsimile of the poem "¡Ecce Homo!".

---

<sup>1</sup> "*Paja Brava*" de *El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998, edición de Gustavo San Román.

140

Todo comezou cunha invitación a un congreso sobre Estudos Galegos en Londres, en maio de 1994. O tema era o exilio nas letras galegas. David Mackenzie escribume dende Birmingham pedindo un relatorio, creio que por suxestión do meu ex-colega de St. Andrews Catherine Davies, que sabía do meu potencial interese en Galicia dende o punto de vista académico (o outro interese, o sentimental, existía dende a miña estadía como estudante en Santiago de Compostela en 1983-84, onde retomei contacto coas miñas raíces familiares). Como o meu traballo nos últimos anos viuse concentrado en temas de literatura uruguaia, o meu primeiro impulso foi consultar o *Diccionario de literatura uruguaya* da editorial Arca<sup>2</sup>. A miña meta era encontrar un escritor uruguaio con fortes vínculos con Galicia, xa nacido nela ou interesado en describir a súa terra ou a súa xente. Desá consulta xurdiron catro candidatos. O primeiro foi o poeta e editor Julio L. Casal (1889-1954), cónsul uruguaio na Coruña e fundador de *Alfar*, importante revista que uniu os mundos de España e Hispanoamérica en dúas etapas, a galega e a uruguaia, e autor dunha voluminosa *Exposición de la poesía uruguaya. Desde su origen hasta 1940* (Montevideo, 1940). O segundo foi o crítico e ensaista José Pereira Rodríguez (1893-1965); “Nacido en la Coruña, España, vino muy joven a Uruguay, radicándose en Salto”, como conta a ficha por Óscar Brando. A obra de Pereira, parcialmente recollida nos dous tomos dos seus *Ensayos* (1965) foi amplamente respectada pola súa variedade e calidade. Entre outros temas, interesoulle Rodó e o arielismo, e Juana de Ibarbourou. O terceiro candidato foi Ángel Rama (1926-1983), outro crítico pero esta vez máis coñecido fóra do seu país natal, Uruguai (aunque morreu, por casualidade, en España, no avión que caeu preto de Barajas e no que viaxaban outros intelectuais latinoamericanos). O tema neste caso sería unha novela, *Tierra sin mapa* (1961) na que o autor intenta recuperar o mundo da infancia galega da súa nai (este aspecto pouco estudiado da obra do gran crítico foi visitado recentemente por Sylvia Lago)<sup>3</sup>.

---

<sup>2</sup> *Diccionario de literatura uruguaya*, dirixido por Alberto F. Oreggioni, Montevideo: Arca/Credisol, 1987, 2 tomos.

<sup>3</sup> Sylvia Lago, “Tierra sin mapa, cielo de Galicia: las transfiguraciones de la memoria en una novela ejemplar”, en *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo: Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación, 1997, pp. 93-106.

Estes candidatos quedaron descartados fronte á entrada sobre José Alonso y Trelles: “(1857-1924). Poeta gauchesco. Se le conoce con el seudónimo de ‘El Viejo Pancho’. Nació en Santa María de Ribadeo (puerto cantábrico de la provincia de Lugo, España) y murió en Montevideo”. Así empezaba a sucinta entrada por Eneida Sansone, respectada coñecedora do xénero gauchesco. O seudónimo soaba coñecido, sobre todo pola rúa do barrio montevideano de Pocitos, onde hai a praza do mesmo nome e o busto do escritor. Por casualidade, eu comprara a edición de 1968 do seu libro na última visita a Montevideo e púxenme a ler. Tratábase dunha obra interesante, hoxe enterrada na memoria das persoas maiores, que o leran ata mediados deste século, cando se deixou de publicar coa asiduidade doutrora (anque sen desaparecer de todo). A pouco de entrar máis detidamente na obra de Alonso y Trelles tamén descubrín que dous dos autores descartados compartían o meu interese, pois se contaban entre os máis importantes promotores de El Viejo Pancho: Pereira Rodríguez como comentador sagaz en dous importantes ensaios, e Ángel Rama como coidador do texto na edición máis académica, a de 1954 da Biblioteca Artigas de Clásicos Uruguayos, e máis tarde como editor no seu propio selo, Arca, en 1968.

141

Xa tiña, pois, autor; o tema foise suxerindo a pouco de empezar a ler os poemas, xa que aproximadamente a metade o tiñan como preocupación xeradora: o amor. A actitude deste poema fronte ao amor era idiosincrática, e no meu relatorio de Londres quixen afondar nas raíces culturais para encontrar unha explicación. O relatorio foi revisado e ofrecido a Anxo Tarrío para a súa posíbel publicación no *Boletín Galego de Literatura*; apareceu no número 12, de novembro de 1994. Como é tema tan fundamental da obra de El Viejo Pancho, volvíno visitar na introducción á edición galega, esta vez agregando como contrapunto a visión máis ortodoxa de “Calisto el Ñato”, que queda expresada na “payada” ou debate poético entre os dous poetas na revista *El Fogón* (da que Calisto era director e El Viejo Pancho un dos seus máis precia-dos colaboradores).

## A idea da edición

No congreso de Londres coñecín ou oín a importantes galegos escritores ou galeguistas, como os irmáns Xelís e Suso de Toro, Carlos Casares, Anxo Tarrío, Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer. Entre os británicos, estaba

John Rutheford, quen uns anos antes estivo a punto de ser o meu director de tese en Oxford, e quen moi amabelmente me invitou a falar nas III Xornadas de Mar por Medio de Ribadeo, berce de Alonso y Trelles. Acordamos que o relatorio sería un día do setenta aniversario da morte de Alonso y Trelles, o 28 de xullo de 1994. Foi a miña primeira visita á vila natal do poeta, onde rapidamente notei a súa presenza e importancia local. Vin o busto xemelgo do montevideano, a placa sobre a súa casa e, na biblioteca que leva o seu nome, o cadro que inspirou o seu personaxe poético. A prensa e a radio local expresaron algún interese, e un público bastante numeroso asistiu á conferencia –como o fixo aos demais relatorios, incluído o do indiscutido prato forte das Xornadas, Raymond Carr. Pero durante a charla, e logo falando con varios paisanos, notei que anque a xente coñecía o nome de Alonso y Trelles e o do seuseudónimo poético, poucos o leran. Repetíase o fenómeno do Uruguai contemporáneo, só que acentuado en Ribadeo polo difícil acceso á súa obra. A biblioteca tiña algúns exemplares, pero a xente non podía ir ás librerías a compralo. Ocorréuseme que sería bo facer unha edición galega.

142

Comenteille a idea a David Mackenzie, quen pensou que era factíbel, e que habería que propoñerllo á Xunta de Galicia. Ás Xornadas viñera Manuel Regueiro Tenreiro, Director de Política Lingüística do goberno autónomo, e David presentoumo. Falamos menos dun minuto: eu propúxenlle a edición, e el díxome que lle interesaba e que simplemente lla enviase cando estivese feita. Rara ocorrencia do mundo académico, esta transacción tan breve e eficaz. Iso foi en xullo do 1994. Outras tarefas distraéronme dese proxecto, pero a fins de 1996 volví consultar a Regueiro, en persoa, durante unha visita de intercambio de SÓCRATES coa Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela. Quedamos en que eu enviaría un proxecto de publicación ao comité do Instituto Ramón Piñeiro, o que fixen en febreiro, e recibín a noticia da súa aprobación ao pouco tempo. Durante xullo, agosto e setembro dese ano estiven en Montevideo como parte dun sabático, e recollín todo o material necesario para a edición, máis algunhas sorpresas. Entreguei o manuscrito en febreiro de 1998, e o libro saíu, con rapidez tamén inusual, en xullo de 1998.

### **A posta en marcha**

Nunha viaxe anterior a Montevideo, en 1996, tomei contacto por primeira vez con Luis José (Lucho) Trelles, o neto de José Alonso y Trelles.

Coñecino por mediación dun mutuo amigo, Horacio Verzi, editor da revista e editorial *Graffiti* de Montevideo. Contoume da súa visita a Ribadeo anos antes e de cómo non puidera atopar aloxamento pois era verán e os hotéis estaban cheos. Na praza da vila preguntou a un señor que paseaba se sabía dalgunha pensión; resultou que o seu interlocutor era Dionisio Gamallo Fierros, gran coñecedor de El Viejo Pancho e o seu maior promotor en Galicia, quen o aloxou na súa casa. Máis recentemente, durante unha visita a Montevideo en calidade de Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga deulle a Lucho un abrazo de parte do seu amigo e ex-profesor ribadense. A colaboración deste neto de Trelles foi moi importante para a edición, xa que non só autorizou a publicación e a apoiou entusiasticamente, senón que puido prover, durante a miña estada ao ano seguinte, tres das peciñas de teatro para afeccionados que foran mencionadas nalgúns estudos sobre Alonso y Trelles. Segundo o seu biógrafo Juan Carlos Sabat Pebet, Trelles compuxo, “entre outras”, as seguintes pezas para afeccionados do Tala: *Colón* (“para ser representado por niños”), *Crimen de amor*, *Un drama en palacio*, *Los dous veteranos*, *Spion Kook* (sic), *Caída y Redención*, *Alucinación*, *El falso Otelo*, *Pepiyo*, *Idilio fulminante*<sup>4</sup>; José Pereira Rodríguez comenta e resume *Idilio fulminante*, *Amores fósiles*, *Nuevo Otelo* (que debe ser a mesma que menciona Sabat mediante nome parecido) e *Alucinación*<sup>5</sup>. Gracias á colaboración de Lucho Trelles, a edición galega inclúe por primeira vez os textos de tres destas pezas: *Amores fósiles o Broma pesada* (s.f.), *Spyon Kop o La derrota de mis ingleses* (1902), e *Idilio fulminante* (1911), obriñas que nos dan unha mellor idea da actividade de Trelles nun ámbito máis local e informal e tamén do seu fino oído para os acentos dos varios tipos que poboaban o Uruguai da época. Por certo, *Spyon-Kop*, na miña opinión a mellor das pezas, merecería ser posta en escena algún día. ¿Quizais en Ribadeo?

143

Lucho non puido atopar, sen embargo, ningún exemplar das revistas satíricas que Trelles editara cara a fins de século na súa vila de adopción: *El Tala Cómico* e *Momentáneas*. Tampouco non puideron atopar exemplares delas na Biblioteca Nacional de Montevideo, nin en dúas de Canelones, Departamento que contén o Tala, nin na de Bos Aires, que consultei epistolarmente por se algún exemplar tivese rematado alí. Os exemplares que puido ter a Biblioteca Nacional parecen ter estado entre o material roubado hai uns anos por un

<sup>4</sup> Juan C. Sabat Pebet, *El cantor del Tala*, Montevideo: Palacio del Libro, 1929, pp. 84-86.

<sup>5</sup> José Pereira Rodríguez, “La obra de ‘El Viejo Pancho’”, Montevideo: Imp. Liga, 1957, pp. 6-10.

ladrón con particular interese polo xénero de revistas satírico-xocosas da fin de século uruguaia.

A Biblioteca Nacional si foi moi útil noutros terreos, empezando polo Archivo Alonso y Trelles, que contén algúns materiais manuscritos. O máis importante deles é o poema “Aprovéchate, gaviota”, que se inclúe na edición da Xunta por primeira vez. Hai tamén algunhas cartas manuscritas, entre elas unha que non se menciona na edición, a Justino Zavala Muniz (1898-1968), autor dun prólogo para a “cuarta edición aumentada” de 1926 de *Paja Brava*, que se repetiu en varias das posteriores. É interesante un parágrafo desa carta como ilustración –aunque bastante retórica– da posición política de Alonso y Trelles, quen ocupou en 1908 un escano no Parlamento como deputado suplente do Partido Nacionalista ou Blanco (oposto ao Partido Colorado). A carta está datada no Tala o 19 de xullo de 1921, e a súa inspiración é a lectura da primeira novela de Zavala Muniz, *Crónica de Muniz*, na que o autor conta a historia do seu avó Justino Muniz, nacionalista que fora atacado por algúns historiadores do seu partido como traidor por brindar o seu apoio ao presidente colorado Batlle y Ordóñez. A novela histórica de Zavala saíra ese mesmo ano de 1921 e o autor enviárala a Trelles, daquela un respectado home de letras. Así responde Trelles a un episodio da crónica:

Pero llegó el capítulo XX, y la herida de mi alma de nacionalista, que creí cicatrizada para siempre, abrió sus labios, sensibles hasta la hiperestesia, y el proceso de la actuación del caudillo famoso, en cuya pericia guerrera y en cuyo valor legendario puse yo un día todas mis esperanzas, renovó las lejanas horas de inquietud, haciéndome volver a vivir –tal es la fuerza reconstructiva de su imaginación poderosa– los días tristes de aquellas jornadas épicas en que el brazo implacable del guerrero iba deshojando mis sueños todos.

Neste capítulo da *Crónica*, Zavala Muniz relata o comezo do proceso de desprestixio ao que foi sometido Muniz logo que decide aceptar un posto de tenente coronel no goberno colorado de Francisco A. Vidal, que, como se di no capítulo, estaba controlado polo xeneral Máximo Santos (quen ocupará a presidencia dous anos máis tarde). Neste momento da súa carreira de caudillo, Muniz opta pola paz, logo de varios anos de loitas civís que non lograran beneficios para o país. As circunstancias políticas que forman o fondo do cambio de posición do protagonista son complexas e controvertidas, e inclúen a crecente tensión entre os dous grandes cauces en que se dividía a doutrina Blanca:

caudillos gauchos e “dotores” políticos da capital. A declaración de Trelles parecería ilustrar, alomenos, a importancia que tivo a política nacional na experiencia deste galego asentado no seu país adoptivo. Ademais déixanos ver o lado máis romántico de Trelles, o que admiraría a forza guerreira do caudillo, e que se pode notar nalgún dos versos temperáns (como en *Juan el loco*) e en certos poemas de El Viejo Pancho.

Tamén se encontra no Archivo Alonso Trelles un recorte sen data do periódico *El Telégrafo* no que hai unha carta de “José A. Trelles (‘El Viejo Pancho’)”, datada en “Tala, 1920”. Nela Trelles exprésase sobre o tema do feminismo, de moito interese na época. A posición do autor é ambigua: por un lado, comeza a carta expresándose algo ironicamente en contra dos que temen outorgarlle iguais dereitos cívicos á muller (quen en Uruguai logrará os dereitos plenos, incluído o voto, na Constitución de 1934); por outro lado, a segunda parte da carta dedícase a criticar, mediante un exemplo que di ser da súa experiencia persoal, as consecuencias negativas do divorcio, legalizado había poucos anos en Uruguai. Un dos causais que introduciu a lei foi a soa vontade da muller, e entre as primeiras solicitudes de divorcio por ese motivo estivo a da poetisa Delmira Agustini de 1913 (da man do mesmo avogado-deputado responsábel da lei). O caso que cita Trelles concerne a unha nena fatalmente enferma cuns pais en proceso de divorcio. A rapaza, no seu leito de morte, solicita a presenza do seu pai, pero cando este chega e se pon a abrazar a súa filla moribunda, a nai sepáraos por medo de que a emotiva escena leve a unha reconciliación dos casados. Nesta pintura un tanto inverosímil hai algo da *chirusa* maquinadora e fría dalgúns dos poemas de El Viejo Pancho, que tanto parecen ter obsesionado ao poeta; tamén lembra a “Casi historia”, sobre o caso xudicial dunha nai que matou o seu fillo para se vingar do pai, trama tamén algo traída polos pelos que Trelles publicou co pseudónimo Tácito en *El Fogón* en 1897 (ver p. 24 da edición galega). Por ser outro material traspapelado que axuda a un retrato máis completo do autor, inclúoo no apéndice desta nota.

A Biblioteca Nacional tiña outros materiais relevantes, como a serie (incompleta) de números do efémero periódico *El Tala*, que apareceu dende fins de 1880 a comezos de 1881 e que contivo as primeiras publicacións poéticas de Trelles, resucitadas por primeira vez na edición galega. O mesmo sucedeu coas dúas esquecidas revistas que levaron o nome de *El Viejo Pancho* como título e que duraron soamente un número cada unha. Máis substancial en canto á produción gauchesca de Trelles foi a consulta a *El Fogón*, onde

se encuentran moitas primeiras versións dos poemas de *Paja Brava*. Esta é unha revista importante da época que foi pouco consultada pola crítica deste século. Ademais da presenza frecuente de textos de El Viejo Pancho, foi interesante notar que outros autores de renome pero non asociados co xénero gauchesco tamén publicaron algúns traballos alí. É o caso de Delmira Agustini, de quen aparece en dúas ocasións o poema “Átomos”, publicado uns días antes en *La alborada*<sup>6</sup>. Horacio Quiroga tamén aparece, nun texto chamado “Episodio”, que aparecera o 25 de maio de 1907 en *Caras y Caretas*. A novidade da súa publicación en *El Fogón* é que aparece baixo o título maior de “9 de julio de 1816” e co seguinte prólogo:

Pasado mañana celebra la Argentina el aniversario patrio de su gran fecha histórica: la proclamación de la independencia de las Provincias Unidas del Río de la Plata por el Congreso reunido en Tucumán. Saludamos a la república hermana, adhiriéndonos a su justo regocijo y deseándole largos años de ventura. La proclamación hecha por el Congreso de Tucumán, fue, puede decirse, el acontecimiento de que surgió su libertad y su futura grandeza, y para conseguir tal resultado fue necesario el sacrificio de muchos héroes, como el joven patriota inmortalizado por el siguiente [“Episodio”].<sup>7</sup>

146

Non queda claro se esta adición foi feita polo mesmo Quiroga ou polo menos co seu permiso. Hai tamén algúns exemplos de contribución de tema gauchesco por autores non xeralmente asociados con ese xénero. É o caso dun poema de Rubén Darío (“Desde la Pampa”, que comeza “Yo os saludo desde el fondo / de la Pampa! Yo os saludo / Bajo el gran sol Argentino / Que como glorioso escudo, / Cincelado en oro fino / Sobre el palio azul del viento / Se destaca en el divino / Firmamento.”)<sup>8</sup>, e dun texto nacionalista da respectada escritora arxentina Juana Manuela Gorriti. En caso de que este último non sexa moi coñecido, e porque o seu sabor é coincidente con certos poemas de El Viejo Pancho, aquí o transcribo. Titúlase “El gaucho”:

Cuando el viento de la vida me hubo devuelto, después de larga peregrinación, al suelo de la patria, ansiosa de contemplarla, tendía la

---

<sup>6</sup> *El Fogón*, 2ª época, Año V, nº 240, 30 de outubro de 1903, sen p.; Año VI, nº 247, 22 de decembro de 1903, sen p. A fonte de *La alborada* está citada na edición de *Poesías completas* de Magdalena García Pinto, Madrid: Cátedra, 1993, p. 315.

<sup>7</sup> *El Fogón*, 2ª época, Año IX, nº 381, 7 de xullo de 1907, sen p.

<sup>8</sup> *El Fogón*, 2ª época, Año II, nº 87, 22 de agosto de 1900, pp. 1041-42.

mirada en torno al encantado panorama, buscando cuanto la mente había guardado, vivo y palpitante en el recuerdo.

Y allí estaba todo: el prado, el bosque, los altos gramadales, el ombú, el cielo azul, las grandes lontanazas. Todo, menos el ser que los animaba: ¡El gaucho!

¿Qué ha sido de ese bello tipo argentino? Su pintoresco ropaje, el arábigo chiripá, llévanlo, sucio y profanado, hombres de país extranjero. Busqué en la arena de los senderos la huella de su elegantísimo coturno arrancado al jarrete de los potros, y sólo hallé zuecos y alpargatas.

La figura que completaba el paisaje, el gaucho, ha desaparecido de los campos de Buenos Aires.

Por dicha, vive inmortal en las páginas de Hernández, Hidalgo, Ascasubi y Del Campo<sup>9</sup>.

## Un detalle esquivo

147

Ao comentar o meu interese en El Viejo Pancho, varias persoas contáronme que coñeceron os seus poemas por primeira vez mediante cancións de Carlos Gardel, personaxe máis famoso como cantante de tangos. Decidín polo tanto tratar de situar estas gravacións, pero esta tarefa aparentemente moi simple foi a que levou máis tempo e a única que causou frustración nun proxecto xeralmente agradabilísimo. Consultei en primeiro lugar ao SODRE, a radiodifusora nacional en Uruguai, onde Juan Antonio Zabaleta, director do seu Museo de la Voz, suxeriu o nome dun gran coñecedor de Gardel en Montevideo: Alfredo Dighiero. Logo de moitos desencontros nesa cidade, ese señor prometeu enviarme unha lista dos cinco poemas en cuestión. Aínda levou varios meses e unha boa ducia de chamadas e faxes a longa distancia para lograr a lista, que por fin chegou por fax. Pero como estaba en papel carta que, sendo máis ancho que o de A4 que se usa en Gran Bretaña, perdéronse os últimos díxitos da data de edición das cancións. Logo de solucionado ese problema (mediante máis chamadas), interesábame, por razóns de responsabilidade académica, conseguir gravacións das cancións. Dighiero ofreceuse a

---

<sup>9</sup> *El Fogón*, 2ª época, Ano II, nº 77, 7 de xuño de 1900, p. 927.

envialas, pero non chegaban (nin chegaron nunca), e como a edición só estaba esperando este dato para poder enviarse á imprenta, intentei outras fontes: catálogos de tendas de discos e grupos de afeccionados de tango en Internet, consultas telefónicas coa BBC e coa división de música da Biblioteca Británica. Non obtiven resultados, polo que se tivo que facer a edición confiando na palabra do Sr. Dighiero en canto a ese aspecto. Cando visitei Montevideo en xuño de 1997 en vésperas da edición, volví consultar a Zabaleta no SODRE, e un colega e homónimo seu facilitoume tres das cancións. As outras conseguíumas o Sr. Miguel Antuña, de Radio Clarín, emisora dedicada case exclusivamente ao tango. Pero resulta que un dos temas que me deron, “La huella”, non é o poema de El Viejo Pancho “La güeya”. Con seguridade a información de Dighiero é correcta, pero só puiden confirmala ata agora para catro dos poemas (“Como todas”, “¡Hopa... hopa... hopa!”, “Insomnio” e “Misterio”).

## Epílogo

148

O primeiro é recoñecer humildemente algunhas erratas que notei. A máis gorda aparece na primeira liña da introducción (p. 15), na que se sitúa a vila de Ribadeo na provincia da Coruña e non na de Lugo. As outras son menores, pero convén sinalalas dunha vez: p. 13, 1.22, onde di “aínda que se esperasen”, debe dicir “aínda que non se esperasen”; p. 16, 1.20: “1929” debe ser “1924”; p. 28, II.7 e 11: “Spion” debe ser “Spyon”; p. 184, poema “Consejos”, nota: “1913” debe ser “1903”; p. 196, poema “Remedio”, 1.2: “sí” debe ser “si”; p. 273, nota: “1963” debe ser “1923”; o mesmo erro cóase na p. 305, 1.28; p. 303, 1.18: “Herrero” debe ser “Hierro”; p. 305, 1.6: “Zabala” debe ser “Zavala”.

Logo da publicación atopei dúas edicións interesantes de *Paja Brava*. A primeira enche un baleiro na bibliografía da edición galega, pois alí declaro non ter tido acceso a ela por ser inatopábel nas bibliotecas que consultei. Trátase da segunda edición. Ben, pois durante unha visita á feira de Tristán Narvaja de Montevideo, vin un exemplar e compreino (por suma equivalente a seis dólares). Podo confirmar a información dada por Sabat, e agregar algún outro dato de acordo á bibliografía da edición galega.

**1920.** Montevideo: Imprenta y Casa Editorial “Renacimiento”, “Segunda edición aumentada”. 176 p. 18 cm. “De la portera” aparece en versión abreviada, sen o primeiro parágrafo, co subtítulo “(Del prólogo de la primera edición)”. Seguido por carta-prólogo de C. Monegal (como na primeira e

terceira edicións). Contén “Réplica”, por Un gringo porperos (que desaparecerá a partir da terceira edición). Hai 58 poemas. Inclúese a sección “Luciendo las pilchas. Opiniones sobre los versos de ‘El Viejo Pancho’”, que combina as da primeira edición e case todas as da terceira (excepción das tres últimas, de Casiano Monegal, Alberto Zum Felde e Orosmán Moratorio). Na p. 173 aparece o número de exemplar (neste caso o 00974), e a seguinte declaración impresa: “Todo ejemplar deberá llevar la firma del autor”. Efectivamente, aparece nesta mesma páxina a firma, en selo de tinta azul, de José A. Trelles.

O segundo achado interesante é un exemplar da terceira edición, que me mostrou Álvaro Risso, da librería montevideana Linardi y Risso (exemplar que arribou en primeiro lugar ao negocio doutro libreiro da cidade, moi querido por intelectuais locais: Diego González Gadea). Este tomo ten a peculiaridade de incluír na primeira páxina e de puño e letra do autor, un poema entón aínda inédito e que vai aparecer impreso a partir da póstuma “Cuarta edición aumentada” de 1926: “¡Ecce Homo!”. Neste volume aparece co seguinte título e dedicatoria: “Versos escritos en una postal que reproducía el ‘Ecce Homo’ de Guido Reni. Para agregar al ejemplar de ‘PAJA BRAVA’ de la Sta. Matilde T Chervière. (ABSOLUTAMENTE INÉDITOS)”. A transcripción está data-da “(Otoño de 1923)” e firmada José A. y Trelles. Polo seu interese e porque presenta leves variantes, tamén o incluimos en forma facsímil no apéndice, co noso recoñecemento a Linardi e Risso (onde está á venda).

Para rematar, hai que volver agradecer á vila de Ribadeo e á Xunta de Galicia o ter brindado o seu apoio á edición, e especialmente a Anxo Tarrío por supervisar o que resultou ser unha fermosa e coidada produción. E unha última reflexión en canto a El Viejo Pancho. Cando empezou este proxecto, algúns dos máis involucrados nel quizais non estaban totalmente convencidos do valor de recuperar academicamente a obra deste poeta. Persoalmente, esa impresión foi cambiando ao desenvolverse a tarefa, tanto polo afondamento no tema coma pola discusión con intelectuais e poetas que recoñeceron informalmente o valor da súa obra, anque non fose estudiada nos últimos anos. Xa terminado este proxecto, non me queda dúbida ningunha de que a figura de Trelles e a do seu pseudónimo gaúcho pertencen con todos os dereitos ao mellor acervo literario do Río da Prata. Esperemos que esta edición tamén lle confira un lugar na historia da literatura de Galicia.

*Gustavo San Román*  
University of St. Andrews

### Una carta de Trelles

“Parola”. Para EL TELÉGRAFO

150 Inútiles los turnos consumidos en sendos discursos para consagrar en la nueva Constitución el ejercicio de los derechos políticos por parte de nuestras mujeres. El hombre moderno, dechado de galantería, no consiente que la cara mitad del género humano sobrepase, al elevarse, la altura de su corazón –que dijo no recuerdo quién. Cuando se les agota a los antifeministas el centón de argumentos manidos –que les sirven Moebins y Nóboa– sobre el sobado tema de la inferioridad mental de la mujer, utilizan hasta la hiperestesia la sensibilidad afectiva de la compañera del hombre. Y atribuyendo a la función cívica la virtud demoledora de los encantos femeninos y del sagrado culto del hogar, revuélvense airados contra el más inocente conato de reivindicación jurídica por parte del bello sexo. ¡Qué iba a ser del fuego sagrado sin la perenne diligencia de las pobres vestales! ¡Qué de la escala de seda pendiente del balcón de los Capuletos si el canto de la alondra sorprendiera a Julieta verificando un escrutinio electoral! ¡Qué de la prole inocente si nuestras luchas cívicas apagasen la llama encendida en el ara familiar desde largas centurias por los primitivos pueblos arios!... Ya lo decía el apóstol: “mulieri autem docere non permittitur, *neque dominare in virum*”. Ya lo ponía el viejo aeda en boca del hijo de Ulises cuando decía a Penélope: “vuelve a tu aposento y ocúpate en tus quehaceres: vuelve a tomar la tela y el huso y haz que tus mujeres cumplan su tarea. El hablar es patrimonio de los hombres”. Ya lo afirmó el huraño Proudhon: “La mujer, indigna de ser llamada compañera del hombre, ha de vivir continuamente en tutela de padre, de hermano, de marido”...

Bueno; y en los Estados –que no son ya pocos– en que el feminismo constituye una realidad jurídica y donde las mujeres ejercen el derecho de sufragio, ¿acabó, por ventura, el amor? ¿se extinguieron los celos? ¿dejó de soñar con la palmera de los abrasados arenales el helado pino de la canción heiniana? ¿quedaron sin regazo amparador las pobres criaturas recién nacidas? De tiempo inmemorial viene siendo el peligro de la niñez desamparada el socorrido argumento de los que repugnan la emancipación femenina. Pero no lo tuvieron en cuenta nuestros legisladores al dictar leyes como la del divorcio unilateral. ¡Ay!,

no ha muchos días publicaba una hoja periódica la noticia del fallecimiento de una niña de diez o doce años de la que hacía poco tiempo contáranme dolorosa historia. La crónica de su sepelio lamentaba lo fugaz de aquella juventud tronchada en flor por la segur inmisericorde y desojaba pétalos sobre la fosa abierta para recibir el agostado lirio. Del dolor de su vida, ni una sola palabra. Y sin embargo... ¿queréis saber cuáles fueron las amarguras de aquella pobre almita cuando la fiebre asesina ardía en los pómulos descarnados y agrandaba el fulgor de las pupilas glaucas con el livor de las ojeras profundas, y ponía gotas de sudor frío en la tersura inmaculada de la frente que las blondas crenchas nimbaban como un halo de sol? Pues oídlas. Cuando las primeras manifestaciones afectivas aceleraron el ritmo de su sangre, cuando más la placían las caricias maternas y con ansia más insaciable buscaba en los labios del que la diera el ser un nido en que esponjaran su blando pulmón los primeros besos efusivos; en su hogar —que debió alegrar la gracia risueña de sus diez primaveras fragantes— comenzaron a relajarse los vínculos conyugales y ráfagas de hastío imprimieron en las bocas calladas el rictus de los tedios irreductibles. Y se sumó una cifra más al número, ya desconcertante, de los “hogares fríos”. Y se produjo la ruptura definitiva cuando una tisis galopante asaltaba el débil pecho de la virgencita rubia condenada a sufrir días terribles entre convulsiones y esputos, sin que las caricias del papá adorado la condujeran engañada hasta el dintel de la muerte liberadora. Y me contaron que un día en que sintiéndose morir clavó sus ojos húmedos en los ojos insomnes de la madre doliente y, trémulos los labios que angostaba la sed, musitó quedo un nombre querido... Y la madre, rendida al ruego mudo de aquel cariño inextinguible, consintió en que el esposo —con el cual no podía comunicarse para no malograr los efectos de la acción de divorcio ya iniciada— corriera al lecho en que extinguíase aquel pedazo de su corazón, y confundiera en una escena dantesca sus lágrimas, y sus besos, y sus sonrisas, con las lágrimas, y con los besos, y con las sonrisas de aquel ángel rubio que se apagaba al acercarse la noche sin aurora, como se apagan el amanecer las estrellas del cielo. Pero sobrevino la reflexión calculadora, irguióse ante el espíritu de la mujer, joven aún, el horror de la perpetuidad de un nudo que oprime, y un gesto de la esposa separó para siempre dos corazones que no debió separar en aquella hora trágica ley alguna, ni humana, ni divina... Y los ojos glaucos en que ardían las últimas llamaradas de la vida, siguieron en la incierta penumbra la fugitiva silueta del padre desolado que los llevará eternamente grabados en el alma...

JOSÉ A. TRELLES

(“El Viejo Pancho”)

Tala, 1920

Versos escritos en una postal  
que reproducía el «Ecce Homo» de Guido Reni

Para agregar al ejemplar de «PAJA BRAVA» de la Sta  
Matilde F. Cheverre)

(ABSOLUTAMENTE INÉDITOS.)

Jesús nuestro Señor, vos que aprendiste  
Desde la triste soledad del Gólgota  
Hasta el arisco cerro del Calvario  
Lo que son sufrimientos...  
Si aún les tenéis querencia a los mortales,  
Dame fuerzas a mí, que, de ir subiendo  
El Calvario e la vida,  
Ya no alcanzo un resueyo a otro resueyo..  
Vos no perdiste como yo, a una madre,  
Ni como yo has besado a un hijo muerto;  
Ni fui para vos la rubia pecadora  
Lo que para mí la china de mis versos.  
Lo también padeci sé de quererles,  
Y no áides refresco mis labios secos,  
Y no faltó quien del cortao me abriera  
Con la chura el desprecio.  
A mí también sin arco me estaquicaron  
En la cruz de los celos,  
Sin que sintieran de unos pulos suaves  
El beso alentador mis pieses yertos  
(Otoño de 1923)

José M. Frelles